

DECRETO DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DE BASES DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE NOVE POSTOS DE TRABALLO, AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS 2021 CORRESPONDENTE Á LIÑA 3: EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E O FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS (BOPPO nº 1 do luns 4 de xaneiro de 2021).

En Meis, Dna. MARTA GIRÁLDEZ BARRAL, Alcaldesa-Presidenta deste Concello, dicta a seguinte Resolución:

Visto o acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 12 de febreiro de 2021, de concesión de subvención ao abeiro do PLAN CONCELLOS 2021 CORRESPONDENTE Á LIÑA 3: EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E O FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS, o Concello de Meis pretende a contratación laboral temporal a xornada completa de nove persoas desempregadas: *2 albaneis, 1 electricista, 1 fontaneiro/a, 1 pintor/a, 1 carpinteiro/a, 2 peóns de obras públicas e 1 peón forestal*, para levar a cabo a prestación de servizos mínimos de competencia municipal indispensables para o bo funcionamento da comunidade e o benestar dos veciños.

Esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle competen de acordo co artigo 21, g) da Lei reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVE**:

1. Aprobar as bases que rexerán a provisión, mediante concurso-oposición, de nove persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego.
2. As ocupacións ofertadas son: *2 albaneis, 1 electricista, 1 fontaneiro/a, 1 pintor/a, 1 carpinteiro/a, 2 peóns de obras públicas e 1 peón forestal*, con carácter de laboral temporal a xornada completa.

Mándao e asínoa a alcaldesa, do que, a secretaria dá fe.

Documento asinado electronicamente na marxe.

